

EL PISITO + SE VENDE UN TRANVÍA

1697

Marco Ferreri, 1958 / Juan Estelrich, 1959

ESTREA EN NUMAX: 10.03.2026 | V.O.

EL PISITO (Marco Ferreri, 76 min)

Con Mary Carrillo, José Luis López Vázquez,

Rodolfo e Petrita levan doce anos de relacións. Para casar precisan un piso e non hai xeito de atopalo. Rodolfo vive realugado en casa de dona Martina, unha anciá que está a piques de morrer, cousa que o caseiro está agardando para poder desalojar a vivienda e derrubar o edificio. Algúns amigos aconsellan a Rodolfo unha solución heroica: casar con dona Martina e esperar o pouco que lle queda de vida para herdar o aluguer. En principio, resistese, pero cada vez con menos forza.

SE VENDE UN TRANVÍA (Juan Estelrich, 29 min)

Con José Luis López Vázquez, Antonio G. Quijada

Narra a historia de Julián, un cutre timador, que tenta colocar un tranvía a un rico e inculto agricultor. A crítica social, tinguida de farsa co seu punto anticlerical son as notas da historia.



Esperpento e Neorrealismo no cinema español

Por Por Antonio Cabello Ruiz-Burruecos

El pisito data de finais dos anos cincuenta, pero o tema central do filme segue vixente (os problemas inmobiliarios), tal e como vemos na repercusión da película nos nosos días. A trama creada por Rafael Azcona e Marco Ferreri, a partir dunha novela do primeiro, céntrase nunha parella que leva doce anos de relacións, pero para casar necesitan un piso, tarefa moi difícil. Con todo, aparece unha oportunidade: contraer matrimonio cunha anciá para herdar a casa.

El pisito é unha traxicomedia escura e tremendista, unha sorte de sátira social que arrinca un sorriso construído a través da pena. A fotografía en branco e negro aplícase á perfección á dualidade da sociedade dos anos cincuenta, tanto por capas sociais como por ideoloxías. A acción sitúase en Madrid, a finais dos anos cincuenta. Como consecuencia do éxodo rural, os prezos das vivendas multiplicáronse, proliferando os hóspedes domiciliarios e as vivendas habitadas por varias familias.

A partir do verán de 1959, aplicárase un forte Plan de Estabilización que permitiu obter axuda do exterior, provocando unha breve recesión, paliada polo *desarrollismo* posterior. O plan recollía medidas como a desvalorización da peseta, a progresiva retirada de controis de divisas, a entrada de investimento estranxeiro ou a estabilización interior grazas á redución de gastos; un plan financiado por diversos organismos internacionais, empresas privadas e EEUU. En contraste, a película sitúase en 1958, aínda non aparecen sinais que fagan presaxiar un desenvolvemento aplicado á calidade de vida dos habitantes. Os soldos seguían sendo moi baixos para o custe da vida, e apenas existían posibilidades de desenvolvemento persoal e profesional. Temos que ter en conta que Azcona e Ferreri buscan facer un bosquejo da realidade da rúa, cun ton acedo e satírico controlado pola censura, a cal estaría presente no guión definitivo.

Francisco Sempere ispe a sociedade coa súa imprescindible fotografía, infestada de interiores moi coidados, pero que en ocasións se abre á Gran Vía, mirándoa de forma triste e solitaria. Un coche percorre a rúa ao amencer, pero a sociedade non avanza ao seu paso, a realidade é do máis gris. *El pisito* eríxese como obra neorrealista, pero cunha mirada crítica que entronca co esperpento.

Alén dos problemas inmobiliarios, o filme ofrece unha ollada aceda cara a diversos aspectos da sociedade, entre eles o conformismo laboral ou os matrimonios de conveniencia. A forza da película reside no seu tratamento da realidade a través da comicidade, pero a risa é amarga, tal e como reflicte a cara dos protagonistas, cuxos obxectivos se van vendo cumpridos, pero eles non poden sentirse felices. A picaresca arraigada na nosa cultura aparece con forza, dando vida a uns personaxes aparentemente distanciados. Azcona escribe personaxes reais, extraídos da rúa, que revelan a súa persoal ética ante a crueldade social. Trátase dunha obra mestra do cinema español na que o neorrealismo abraza o esperpento.

Publicado en esenciaccine.wordpress.com